



A asignatura, que forma parte da especialidade de Urbanismo da Escola de Arquitectura, está enmarcada na Área de Urbanismo do Departamento de Proxectos Arquitectónicos e Urbanismo, e ten como eixo a Urbanística como ciencia de coñecemento que nos permitirá proxectar a planificación e os diferentes xeitos de intervir urbanisticamente sobre o territorio.

Plantéxase intimamente ligada e relacionada con outra asignatura da Especialidade de Urbanismo que se imparte igualmente no derradeiro curso da carreira - Urbanística III -, polo que tanto os contidos teóricos como as prácticas de ambas asignaturas tenderán a complementarse, buscando a necesaria coherencia da aprendizaxe horizontal de materias afíns no derradeiro Curso da carreira.

Ambas asignaturas teñen por obxecto o PROXECTO URBANÍSTICO, buscando que o alumno chegue a adquirir coñecementos para a súa elaboración durante o curso, e contemple toda a complexidade que os procesos de desenvolvemento urbanístico (planificación, ordenación, crecemento, reforma urbana, xestión, urbanización) levan aparellados.

Así, mentras Urbanística III se encarga dos aspectos de ordenación e xestión urbanística, Prácticas de Urbanismo e Instalacións Urbanas ocúpase dos aspectos constructivos do acondicionamento do espazo público. Na Práctica de curso que se realizará conxuntamente entre ambas asignaturas, abordaráse con claridade a necesaria coherencia entre as propostas de planificación urbanística propias de Urbanística III (ordenación territorial integral, réxime do solo, cualificación por sectores, crecemento por polígonos ou áreas de xestión, intervención de compleción ou reforma en unidades de execución menores, etc.) e a resolución formal da urbanización, Poráse de manifesto, traballando na práctica de curso, que a resolución formal da urbanización e adecuación do espazo público dependerá non só de criterios espaciais senón tamén dos procesos de ocupación do territorio (sectores, polígonos, unidades de actuación ou de execución), da execución no tempo (programación ou orde de prioridades), do réxime xurídico do solo (clasificación urbanística), dos diferentes xeitos de intervir nos tecidos preexistentes (substitución, rehabilitación, reforma interior,...) da

adecuación ás diferentes áreas homoxéneas e identificables (cualificación urbanística, usos do solo e da edificación, ordenanzas urbanísticas, ...), da distinción entre os diferentes operadores que interveñen no desenvolvemento urbanístico, e os seus graos de competencia (equidistribución de beneficios e cargas, execución das obras de urbanización e das infraestructuras, os sistemas xerais e locais, etc.).

OBXETIVOS XERAIS DO CURSO

Polo tanto, esta asignatura de Prácticas de Urbanismo e Instalacións Urbanas, desenvolveráse ó redor do Proxecto do Espacio Público, entendido tanto como acondicionamento constructivo e funcional da superficie de uso (firmes, pavimentos, elementos urbanos, iluminación, ...) como de proxecto e trazado das redes de servizos (abastecemento de auga, gas, enerxía, telefonía, comunicacións, sumidoiros, etc.) que discorren fundamentalmente polo seu subsolo.


Para a axeitada resolución destes aspectos constructivos terásese en conta sempre que son aspectos finais dun proceso proxectual máis complexo no que os criterios espaciais, de escala, de significado, etc. se deben ver reflexados.

Botarásese man de aspectos e coñecementos de teoría proxectual e de intervención no espacio construído xa adquiridos polo alumno ó longo da carreira, facendo fincapé nos aspectos teóricos e prácticos relativos á configuración do espacio público dende diversos puntos de vista: históricos, sociais, culturais, económicos, etc. que xustifiquen xeitos de intervención.

Así, o alumno completará a súa formación teórica e práctica de cara a abordar o deseño e proxectación do espacio público, o trazado e construción do viario, e a definición e cálculo das instalacións urbanas que o acompañan.

Os obxetivos xerais desta asignatura que consisten, pois, en que o alumno sexa capaz de establecer criterios e adquirir coñecementos para abordar con rigor proxectos técnicos de acondicionamento e urbanización do espacio público tanto de cara ó previo deseño e formalización como Proxecto, como á posterior execución material das obras, onde a dirección e coordinación das mesmas, resulta fundamental para a súa realización.

CONTIDO DO TEMARIO




As actividades e exercicios individuais toman como obxecto de análise e proposta fragmentos do espacio público existente escollidos segundo o tema que se aborde: accesibilidade, vialidade, prazas, encontros viarios, elementos urbanos, pavimentos e acabados, etc. Realízaanse durante o curso nunha jornada, e coméntanse e expóñense noutra posterior. Ten máis interese o debate das suxerencias, que o resultado das propostas.

Práctica de clase, estado actual e proposta de maioría da praza de Pontevedra.

alumno:
Víctor Rodríguez

Os elementos urbanos selecciónanse e tamén se crean, ou recrean.




21-11-71



21-11-71






- 1.- O acondicionamento do lugar. Reflexións, criterios e actitudes.
- 2.- A análise do territorio de cara á intervención urbanística. Pautas de análise e criterios de observación e comprensión.
- 3.- Os problemas do espazo público. Clasificación e catalogación de problemas.
- 4.- Funcións e características do espazo público. A titularidade e o mantemento do espazo público. Austeridade, accesibilidade e versatilidade do espazo público.
- 5.- Clases e tipos de espazo público. Estándares legais e necesidades humanas.
- 6.- A configuración do espazo público. O contorno como límite e definición do espazo público.
- 7.- A rede viaria. Tipos e clasificación.
- 8.- As funcións do viario. Esquemas primarios e secundarios. Mallas e modelos.
- 9.- A configuración do viario. Contorno e percepción.
- 10.- Os elementos da sección transversal. Beirarrúa, calzada, aparcamentos, arcéns, medianas, gálibos,...
- 11.- Criterios e parámetros de trazado. Vehículos, velocidade, curvas, peralte, pedentes,...
- 12.- Usos especiais do viario. Tratamento peatonal, transporte público, a bicicleta, e o aparcamento no viario.
- 13.- Interseccións e enlaces viarios. Casos singulares: as prazas e as rotondas.
- 14.- Plantacións nas vías públicas. Funcións da vexetación, recomendacións e técnicas de plantación.
- 15.- Firmes e pavimentos. Definicións e clasificacións. Composicións e catálogo de firmes. Detalles de elementos e seccións constructivas.
- 16.- Execución das obras de urbanización. As actividades básicas na obra de urbanización tipo. Inspección e control da obra de urbanización.
- 17.- O proxecto de urbanización. O documento administrativo e o documento técnico.
- 18.- Avaliación dos custos de urbanización. O método m.s.v. outros sistemas rápidos de avaliación dos custos das obras de urbanización.
- 19.- A accesibilidade do espazo público. Decreto de accesibilidade da xunta de Galicia e recomendacións do ministerio de asuntos sociais.
- 20.- Os elementos urbanos. Definición, criterios de deseño, situación e implantación dos elementos urbanos.
- 21.- As redes de servizos. A implantación das diferentes redes e a situación relativa na sección transversal. Relación da capacidade de implantación de servizos ca sección viaria.
- 22.- A rede de abastecemento de auga potable. Xeneralidades, criterios e dimensionamento.
- 23.- As redes de saneamento: pluviais e fecais. Xeneralidades, criterios e dimensionamento.
- 24.- A rede de electricidade e de alumeadado público. Xeneralidades, criterios e dimensionamento.



Tomando un área dun núcleo urbano, o alumno define a ordenación urbanística e os ámbitos de xestión. Manifestanse a traza, o trazado, e a forma urbana. O espazo público é tratado con precisión e coherencia, definindo en planta a relación entre os diversos tipos de espazos xerados pola ordenación física.

Ordenación xeral do espazo público

alumno:
José Antonio Eirín



1. CAPA DE RODADURA
Aglomerado asfáltico en caliente
- CAPA INTERMEDIA
Aglomerado asfáltico en caliente
- RIEGO DE ADHERENCIA
E total = 8 cm
2. BASE DE MACADAM
E = 15 cm
3. SUB-BASE DE ZAHORRA
E = 15 cm
4. BORDILLO DE HORMIGON PREFABRICADO
con rigola incluída
5. BLOQUE DE HORMIGON
E = 12 cm
6. HORMIGON HIDRÁULICO
de 100 kg de cemento
7. CEMENTO DE HORMIGON
H-175
8. BORDILLO DE GRANITO
17 X 35
9. ALCORQUE, rejilla de fundición
e = 20 mm
10. TIERRA VEGETAL
e = 37 mm
11. PIEZA PREFABRICADA DE HORMIGON
12. CEMENTO DE HORMIGON H-150
13. MAQUETA DE HORMIGON
20 X 20 X 4
14. EXPLANADA APISONADA

O viario como espazo público lonxitudinal destinado fundamentalmente ó tráfico rodado, deséñase e dimensionase con precisión para facilitar usos complementarios.

Tramo dun viario. Prantas de pavimentación e instalacións, sección transversal.

alumno:
Alba López

IV. Metodoloxía.

O feito de tratarse dun curso do último ano da carreira presupón no alumnado, non só coñecementos, senón tamén certo grao de madurez e opinión propia que debidamente encauzados deben dar paso a un tipo de ensino participativo alonxado de clases maxistras e de leccións impartidas única e exclusivamente polo docente.


O papel do docente enténdese máis pois, como organizador e coordinador dos temas a abordar e o xeito de impartilos; como presentador e introductor dos temas a tratar, para o que facilitará información e documentación axeitada; como transmisor de coñecementos, para o que procurará mostrar ós alumnos camiños e abrir vías que posibiliten avances na profundización persoal e colectiva nos coñecementos adquiridos; como moderador nos debates tentando encauzar enfoques de xeito que cada tema se aborde o mais completo posible; como coordinador do grupo que forma a clase de cara a elaborar sínteses, resúmenes e conclusións que clarifiquen dúbidas e deixen un pouso concreto nos temas abordados; e tamén como orientador da Práctica de Curso que cada alumno deberá elaborar como traballo específico da asignatura, en común con Urbanística III, dentro da especialidade de Urbanismo de sexto curso.

As estratexias metodolóxicas a empregar no curso tentarán de facer participar a cada alumno no contido de cada clase, contribuíndo á exposición dos temas, inducindo a participar nos debates, e recabando o seu concurso na posta en común co grupo de conclusións, resúmenes e outros aspectos que deban ser postos de relevo por importantes e significativos do tema de que se trate.

Trazado das redes

alumno:
Xose Manuel Couceiro

Rede Saneamento




Rede Abastecemento

- TOMA DE TUBERÍA EN CARGA
- ⊞ CHAVE DE PASO
- CHAVE DE DESAUGUE
- ⊞ VENTOSA
- ⊞ ARQUETA DE ACOMETIDA
- ⊞ CHAVE DE PASO CON DESAUGUE
- ⊞ BOCA DE INCENDIOS



Rede Eléctrica


- ⊞ CENTRO DE TRANSFORMACION
- ⊞ ARMARIO DE ACOMETIDA



○ trazado e dimensionado das diferentes redes de servicios, así como a ordenación do tráfico, proxéctase nun espacio urbano preexistente, que se completa morfolóxicamente e reurbaniza, recualificando o viario e recuperando áreas para ó uso público


Sentido da circulación

- SENTIDO DA MARCHA



Rede Alumbrado


- ⊞ PUNTO DE LUZ SOBRE POSTE
- ⊞ CENTRO DE TRANSFORMACION



As seccións xerais definen o espazo creado e as seccións constructivas indican materiais e espesores, así como a situación relativa da totalidade das diferentes redes de servizos.

O curso desenvolveráse a través de:

- a). Actividades Individuais e comentarios co grupo. Tomando como obxecto algún espazo público real, realizaránse breves exercicios individuais que serán explicados ós demais alumnos e sometidos a debate moderado de cara a tirar conclusións xeralizables e didácticamente transmisibles.
- b). Textos seleccionados cos que se abordarán determinados temas realizando lecturas comentadas, invitando ó alumno á reflexión persoal e do grupo ó mesmo tempo, procurando a interacción entre ambas.
- c). Visitas de obra. en momentos significativos da súa execución: replantexo, apertura de zanxas e colocación de instalacións soterradas, e pavimentación e acabado. A visita ás obras levará aparellada a elaboración dun informe por parte do alumno no que se reflexen aspectos singulares negativos e/ou positivos que merezan a pena tratar e debatir, ben na propia obra, ben nunha clase posterior.
- d). Clases-exposición. Algúns temas expoñeránse de xeito tradicional, a través dos medios visuais con que conta a Escola: transparencias, diapositivas, pizarra, etc. O profesor facilitará diversa documentación debidamente seleccionada de xeito que o alumno irá contando para o remate do curso con algo a medio camiño entre "pequeno manual de datos" e "recordatorio de comentarios", ó que recurrir no intre de abordála Práctica de Curso no derradeiro trimestre.
- e). Práctica de curso. A realizar coordinadamente ca asignatura de Urbanística III, consta dunha primeira fase que consiste no traballo en grupo de toma de datos e análise urbanístico dunha realidade urbana complexa (vila, barrio dunha cidade,...); dunha segunda fase, de realización, reflexión e representación colectiva, que consiste nunha primeira aproximación a ordenación urbanística, elaborando unha proposta de ordenación xeral, na que se plantexa un novo orde viario e de espazos libres, a organización das áreas de equipamento e servizos, as estratexias de desenvolvemento e o tratamento do consolidado, as pautas de evolución urbanística distinguindo áreas de novo crecemento e outras de reforma interior, etc.; e dunha terceira fase, de realización e elaboración individual, consistente na ordenación pormenorizada dun ámbito territorial concreto, en congruencia cas propostas xerais colectivas.




Secciones generales e secciones constructivas:

alumno:
Xose Manuel Couceiro

SE

Esta ordenación pormenorizada culminaráse, no que respecta á asignatura de Prácticas de Urbanismo e Instalacións Urbanas que nos ocupa, ca elaboración dun Proxecto de Urbanización, configurado non como un documento de tramitación administrativa senon como un exercio proxectual e académico de acondicionamento do espacio público (espacios libres, paseos, zonas verdes e viario) e funcional e racional das diferentes redes de servicios, nas que o seu trazado e dimensionamento virá condicionado pola coherencia cas propostas elaboradas na mesma Práctica para a asignatura de Urbanística III (Clasificacións do solo, áreas de xestión, programación urbanística, orde de prioridades, cualificación e usos do solo, tipoloxías edificatorias e usos do construído, etc.).

Os cruces e as interseccións son puntos e espacios sinulares de da trama de espacios de uso público. A súa resolución plantexa problemas tanto de materiais de acabado que contribúan á correcta lectura e uso do espacio, como de cruces e ramificación das diferentes redes soterradas de servicios.



Solución dún enlace viario

alumno:
Víctor Rodríguez